



## EDITORIAL

Este ano fixémosvos agardar un pouco máis polas páxinas da nosa revista. Mais houbo un motivo polo que consideramos que mereceu a pena: queríamos que todos puidédeses ver nas vosas pantallas, grandes ou pequenas, os artigos e imaxes que reunimos para vós. Para isto foi imprescindible e valiosísima a colaboración do profesor Jesús García, quen soubo plasmar nas imaxes que estades vendo os textos e as fotos que entre todos recollestes para que gardemos unha idea do que foi un novo ano escolar no *Xulián Magariños*.

A fermosa portada é un deseño da profesora Elena Paredes a partir dun traballo dos seus alumnos de plástica que todos puidemos contemplar no seu día nas dependencias do centro (e os que non, aquí o tedes).

E neste novo número que estades vendo tedes un moi pequeno resumo das moitísimas actividades que se desenvolveron no noso instituto. Deberían de ser centos as páxinas que pretenderan dar conta de todo o que se fixo, mais sabemos que moitos as seguides a través da páxina web do centro e da nosa presenza nas redes sociais.

A nosa escolla para plasmar nas novas páxinas dixitais desta revista veu guiada polas actividades e intereses máis novidosos, á par que representativos e identificadores, que se desenvolven na nosa comunidade escolar. Así, o premio científico Jorge Mira do ano 2015 subliña o noso afán pola investigación en todos os ámbitos, e o convenio co centro *Rosalía Abreu* da Habana o noso constante interese e vocación de abrírnos ao mundo e aos nosos compañeiros de camiño na educación estean onde estean.

A música, a natureza, as viaxes, o deporte, a creación literaria están tamén sempre con nós e nestas páxinas.

Como novidade, tendo este ano unha materia nova dentro do noso proxecto educativo, Cultura e Lingua portuguesas, quixemos dar especial cobertura á data do 25 de abril de 1974 e aos seus protagonistas, así como ao premio Nóbel José Saramago.

Agardamos que vos guste esta nova viaxe dixital que navega polo océano de todo o que queremos descubrir xuntos no *IES Xulián Magariños*.

**Equipo de Dinamización Lingüística**